



**CPI de ATIOS  
Valdoviño**

## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**ESPECIALIDADE:**  
Segunda Lingua Estranxeira: Francés.

**CURSO: 2022-23.**

<b>Xefa de departamento</b>	<b>Asignaturas: Niveis</b>
Laura M <sup>a</sup> Fernández Sánchez (dpto. unipersoal)	SLEF: 2 <sup>o</sup> e 4 <sup>o</sup> ESO.

# ÍNDICE:

<b>1. Introducción e contextualización.</b>	<b>3</b>
<b>2. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.</b>	<b>4</b>
<b>3. Obxectivos por curso.</b>	<b>15</b>
<b>4. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.</b>	<b>21</b>
<b>5. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA POR NIVEIS (2º e 4º E.S.O.)</b>	<b>17</b>
5.1. Temporalización.	
5.2. Estándares de aprendizaxe, indicadores de logro e grao mínimo de consecución para superar a materia.	
5.3. Contidos por niveis.	19
- 2º E.S.O.	
- 4º E.S.O.	
<b>6. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente.</b>	<b>51</b>
6.1. Contidos esixibles.	
6.2. Actividades de reforzo e recuperación de pendentes.	
6.3. Criterios para superar a materia pendente pola avaliación continua.	
6.4. Actividades de avaliación.	
<b>7. Avaliación inicial. Medidas de atención á diversidade.</b>	<b>55</b>
<b>8. Concrecións metodolóxicas para a materia. Materiais e recursos didácticos.</b>	<b>56</b>
<b>9. Concreción dos elementos transversais por curso.</b>	<b>61</b>
<b>10. Actividades extraescolares e complementarias.</b>	<b>62</b>
<b>11. Accións de contribución a:</b>	<b>62</b>
11.1. O plan TIC.	
11.2. A biblioteca e proxecto lector.	
11.3. O plan de convivencia.	
<b>12. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación da programación.</b>	
<b>Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.</b>	<b>65</b>
<b>13. Bibliografía.</b>	

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O Consello de Europa no seu documento Marco de Referencia Europeo das Linguas considera a aprendizaxe das linguas estranxeiras como unha prioridade para os cidadáns e cidadás de Europa xa que favorecerá a construción dunha Europa pluricultural e plurilingüe promovendo o coñecemento das distintas linguas e culturas e así aumentar o respecto por estas e a interacción entre a cidadanía europea. O obxectivo desta materia é acadar a competencia lingüística necesaria para levar a cabo tarefas comunicativas en distintas situacións, tanto oralmente como na escrita así como a adquisición de distintas estratexias para que a comunicación teña efecto e para mellorar a propia aprendizaxe das linguas.

Mediante o estudo de linguas estranxeiras, o alumnado debe adquirir competencia comunicativa nesas linguas e desenvolver unha certa tolerancia e competencia sociocultural que lle permita actuar con propiedade nun contexto sociocultural propio da outra cultura. Deste xeito, preténdese dar á aprendizaxe de linguas estranxeiras a súa dimensión de contribución á construción da identidade persoal libre e responsable do noso alumnado.

Ao iniciar esta etapa de educación secundaria obrigatoria, o alumnado entrará posiblemente en contacto por primeira vez cunha segunda lingua estranxeira. Trátase pois, nos primeiros cursos, de familiarizalo con ela para a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e, progresivamente, lograr un dominio comunicativo suficiente para desenvolverse en situacións sinxelas e habituais da vida cotiá, e tamén noutras conectadas coas súas motivacións e intereses.

No C.P.I. de Atios a oferta educativa comprende as etapas da educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e, no presente curso, a lingua francesa impártese na ESO como *Segunda Lingua Estranxeira*, materia á que esta programación se refire exclusivamente.

O departamento de francés está composto por un único membro Dna. Laura M. Fernández Sánchez que imparte a materia en todos os niveis e grupos. Os grupos de 2º e 4º ESO que reciben docencia por parte deste departamento son os seguintes:

Grupos	2ºA	2ºB	4ºA
Nº alumnos	14	11	14

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Tal e como recollen a Lei Orgánica de Mellora e Calidade do Sistema Educativo 8/2013 de 9 de decembro, o Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro, o Decreto 86/2015 de 25 de xuño e a Orde ECD/65/2015 de 21 de xaneiro, o Parlamento e Consello Europeos identificaron, na Recomendación 206/962/CE, sete competencias clave a cuxa adquisición e desenvolvemento contribúe a área de lingua estranxeira. As devanditas competencias son as seguintes e o modo en que a materia de francés contribúe a desenvolver é o que a continuación delas se expón.

- Competencia lingüística: CL.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: CMCT.
- Competencia dixital: CD.
- Aprender a aprender: CPAA.
- Competencias sociais e cívicas: CSC.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: SIE.
- Conciencia e expresións culturais: CEC.

A área de lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da Competencia lingüística complementando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A Competencia lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Incrementa a competencia de aprender a aprender ao mellorar a capacidade comunicativa xeral. Por iso, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe incluír a reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias e recursos que os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación ao logro entre outras.

Deste mesmo xeito, vese favorecida tamén a competencia relativa ao sentido de iniciativa e emprendemento, na medida en que o alumno é dono da súa aprendizaxe e toma conciencia deste feito.

Tamén contribúe ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, xa que coñecer unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados aos diferentes pobos. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento, promovendo a tolerancia e a integración e axudando a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas. Na liña do que acabamos de dicir, a área de lingua estranxeira tamén contribúe ao desenvolvemento da conciencia cultural e do respecto polas expresións culturais propias e alleas.

Finalmente, axuda ao desenvolvemento da competencia dixital ao utilizaren os alumnos a lingua estranxeira como unha posibilidade de comunicación tecnolóxica, creando contextos reais e funcionais de comunicación. Na práctica, esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información eficazmente transformándoa en coñecemento. Do mesmo xeito, o entorno de ensino-aprendizaxe na aula está moi vencellado ás

novas tecnoloxías pois, diariamente a profesora emprega os recursos fornecidos pola versión dixital dos libros de texto e pola pizarra dixital de que están provistas todas as aulas; así, os textos, imaxes e actividades ferramenta da aprendizaxe son sempre explotados con apoio audiovisual e a posibilidade sempre presente de aumentar os nosos coñecementos alén do libro de texto grazas á conexión a Internet, amplía enormemente as nosas fronteiras na aula. Cabe salientar que, grazas a ese marco tecnolóxico no que se inscribe a asignatura, as clases non se viron interrompidas e puideron desenvolverse, a pesares da distancia física entre profesora e alumnos, durante os períodos de corentena que algúns alumnos tiveron que levar a cabo nos seus domicilios no pasado curso 2021-22.

Este cadro detalla a contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave e identifica os estándares de aprendizaxe avaliábeis que as traballan:

2º ESO:

Bloque	Estándar	Competencia
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	CL CD CSC
	SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.	CL CD CSC
	SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	CL CD
	SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.	CL CD CSC
<b>Bloque 2. Produción de textos orais</b>	SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	CL CD CSC
	SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	CL CD CSC

	SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	CL CD CPAA CSC SIE
	SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.	CL CD SIE CPAA CSC
	SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	CL CD SIE CPAA CSC
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>	SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	CL CD
	SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	CL CD
	SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	CL CD CSC
	SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.	CL CD CPAA CEC
<b>Bloque 4. Produción de textos escritos</b>	SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	CL CD CPAA CEC
	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	CL CD
	SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	CL CD CEC
	SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	CL CD CPAA SIE

<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>	SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	CL CD
	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	CL CD CSC
	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	CL CD CPAA
	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CL CD CEC CSC
	SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.	CL CD CPAA

#### 4º ESO

Bloque	Estándar	Competencia
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	CL CD CPAA
	SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	CL CD CPAA
	SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	CL CD
	SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues,	CL CD

	restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.	
	SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	CL CD
	SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	CL CD CPAA
<b>Bloque 2. Producción de textos orais</b>	SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	CL CD SIE, CPAA CSC, CEC
	SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	CL CD SIE CPAA CSC
	SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	CL CD CSC
	SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.	CL CD CSC CPAA SIE
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>	SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	CL CD CPAA CEC
	SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.	CL CD
	SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e	CL CD CSC



	futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	
	SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).	CL CD CSC
	SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.	CL CD CEC
<b>Bloque 4. Produción de textos escritos</b>	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	CL CD CSC
	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	CL CD CSC
	SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	CL CD CEC CSC
	SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.	CL CD CSC CEC
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e conciencia intercultural e plurilingüe</b>	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	CL CD CPAA
	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.	CL CD CSC CPAA
	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	CL CD CPAA
	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CL CD SIE CSC CEC

	SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	CL CD SIE CPAA CSC
--	--	--------------------------------

### 3. OBXECTIVOS POR CURSO.

O ensino da segunda lingua estranxeira ten como referencia última os obxectivos xerais para a etapa, de xeito que os obxectivos por curso que figuran desglosados máis abaixo perseguen o desenvolvemento das seguintes capacidades que os alumnos han ter acadadas ao remataren esta etapa educativa:

1. Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información básica sobre o contorno próximo familiar e social e producidas por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación.
2. Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas de comunicación tanto en interaccións reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e amosando interese por comprender e facerse comprender.
3. Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.
4. Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código escrito.
5. Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior graode autonomía textos adecuados ás capacidades e intereses co fin de obter informacións requiridas previamente.
6. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.
7. Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura galega para cumprir, se é o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.
8. Usar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.

#### **Obxectivos por curso:**

## 2º E.S.O.

1. Comprender a idea xeral e informacións específicas de mensaxes orais emitidas cara a cara ou procedentes de distintos medios audiovisuais, sobre temas coñecidos e articulados con claridade e pausadamente. Este criterio avalía a capacidade para comprender a idea xeral e detalles específicos de mensaxes breves e conversacionais, ben adaptadas, e ben auténticas e sinxelas, sobre temas familiares -descrición de persoas, obxectos, lugares e accións, concreción de citas, expresión de estados de saúde...- tanto emitidos cara a cara como por distintos medios audiovisuais. Valorarase especialmente a utilización de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

2. Participar con progresiva autonomía en conversas espontáneas relativas ás necesidades na aula, e en simulacións nas que se narre ou describa experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas moi sinxelas, as expresións máis usuais de relación social nos rexistros familiar e neutro, o vocabulario básico dos temas e ámbitos estudados e unha pronuncia comprensible que non impida a comunicación. Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse en situacións interactivas habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (xogos, simulacións, xogos de rol, comunicacións mediante as novas TIC, etc.). Valorarse a utilización das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal, soletreo e solicitude de repeticións para asegurar a comprensión.

3. Participar comprensivamente en situacións de comunicación escritas (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios escritos e empregando formas lingüísticas e non-lingüísticas. Avalíase con este criterio a capacidade de interaccionar en situacións comunicativas necesarias na vida diaria (pedir algo, cubrir un formulario, aceptar unha invitación...). Atenderase tamén á actitude coa que se participa nos intercambios: mirar a quen se dirixe e o interese pola composición de textos a partir de modelos.

4. Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística dos alumnos e alumnas, en soporte papel e dixital. Con este criterio avalíase a capacidade de extraer información global e específica, con axuda de estratexias fundamentais de comprensión escrita, como usar elementos do contexto lingüístico e non-lingüístico e transferir coñecementos das linguas que coñece, así como a adquisición do léxico previamente traballado.

5. Producir mensaxes escritas significativas nas que aparezan enunciados e textos curtos a partir de modelos, cunha finalidade determinada e cun formato preestablecido, tanto en soporte papel como dixital. Este criterio intenta valorar a capacidade de escribir textos diversos como notas, instrucións ou normas, cartas, carteis, folletos, cómics ou descricións sinxelas con corrección ortográfica. Avaliarase a capacidade de utilizar o modelo ou guía para producir un texto con certo

grao de autonomía, atenderase tamén ao interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

6. Na propia lingua, comparar aspectos da vida cotiá dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos do propio país, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos. Trátase de avaliar a competencia intercultural, o interese por coñecer a outra cultura e a consciencia do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas. Valorarase especialmente a consciencia da diversidade lingüística e cultural europea, a aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas.

#### **4º E.S.O.**

1. Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais curtas emitidas de forma clara, breve e organizada, en situacións de comunicación interpersoal ou polos medios audiovisuais, sobre temas concretos e coñecidos polo alumnado, así como sobre temas relacionados con aspectos cotiáns e socioculturais (organización do sistema escolar, da Seguridade Social, das vacacións...), relativos ao país ou países nos que se fala o idioma estudado. Con este criterio avalíase a capacidade de alumnos e alumnas para comprender mensaxes emitidos en situación de comunicación cara a cara e que xiren arredor de necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións. Así mesmo, preténdese medir con este criterio a capacidade para comprender presentacións sobre aspectos ligados a contidos básicos do currículo da etapa. Valorarase igualmente a utilización de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

2. Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación. Con este criterio valórase a capacidade para desenvolverse en conversas con intencións comunicativas básicas diversas (establecer relacións, narrar, dar a súa opinión, describir), utilizando as normas de interacción adecuadas ao rexistro familiar ou neutro derivado do contexto, e as estratexias e os recursos básicos que aseguren a comunicación cos interlocutores (preguntar, pedir que se soletree ou se fale máis amodo...). Os intercambios comunicativos conterán elementos de coordinación e subordinación básica que poden presentar algunhas incorreccións que non dificulten da comunicación.

Trátase de valorar o uso dos recursos lingüísticos adquiridos e a súa adecuación sociolingüística. Valorarase igualmente a independencia progresiva dos modelos e o interese e iniciativa na comunicación.

3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada sobre temas traballados na aula e tamén que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira recoñecendo feitos e opinións, identificando, se é o caso, a intención comunicativa do autor, e utilizando as estratexias requiridas

pola finalidade da lectura. A través deste criterio avalíase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos (narrativos, descritivos) que traten temas de interese xeral ou relacionados con outras áreas do currículo, aplicando as estratexias de lectura. Con este criterio tamén se avalía a capacidade para ler de forma autónoma libros, noticias, instrucións, explicacións, etc., de certa extensión, en diferentes soportes e con finalidades diversas: procurar ou comunicar información para a realización dunha tarefa específica, aprender contidos doutras áreas ou por pracer ou por entretemento.

4. Redactar de forma guiada textos diversos, atendendo ao destinatario e ao esquema textual que corresponda á intención de comunicación, coidando o léxico, ás estruturas lingüísticas, e algúns elementos máis complexos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector e revisando o produto final para verificar ortografía, puntuación, orde de palabras e tempos verbais. Este criterio avalía a capacidade para comunicarse por escrito iniciándose na elección do rexistro adecuado. Os textos presentarán unha sintaxe simple e facilmente comprensible, léxico limitado pero axeitado ao contexto e corrección na ortografía, puntuación, orde das palabras e tempos verbais. En todos os escritos, avaliarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada e a revisión do texto antes de ser entregado. Valorarase, se é o caso, a habilidade no uso dos medios informáticos para a súa elaboración e presentación.

5. Reformular na propia lingua o sentido dun texto tanto oral como escrito que conteña temas traballados na aula para facelo comprensible a un interlocutor próximo, que descoñeza a lingua estranxeira e garantir a relación fluída entre falantes e culturas. Mediante este criterio avalíase a capacidade de mediar, cunha actividade de interpretación informal, cando o receptor descoñece a lingua orixinal. Trátase de valorar a capacidade de desligarse da formulación lingüística orixinal e de explicar o sentido do texto de tal xeito que se poidan evitar malentendidos en un contexto social multilingüe.

6. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación de xeito progresivamente autónomo para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosando interese polo seu uso. Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías de información e comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais tanto orais como escritas, sendo consciente, no caso dos chats, do pouco coidado na escritura das frases e da ausencia de corrección da gramática, a sintaxe, e a ortografía debidos á velocidade e á resposta instintiva e impulsiva que xera a súa inmediatez. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a súa actitude cara á lingua estranxeira e os seus intentos por empregala.

7. Na propia lingua, comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que

se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura galega. Trátase de avaliar a competencia intercultural, o interese por coñecer a outra cultura e a consciencia do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas. Valorarase especialmente o coñecemento dalgúns trazos socioculturais, históricos e xeográficos dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

#### **4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

O concepto de avaliación cambiou cos métodos actuais de ensino. As avaliacións tradicionais que se rexían por probas que medían exclusivamente a corrección gramatical escrita resultan hoxe moi limitadas. Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación e inclúe o traballo diario, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa e os cadernos persoais. A avaliación debe axudar aos/ás alumnos/as a coñecer os seus logros, as dificultades e os seus progresos para poder mellorar e avanzar na súa formación. Trátase, en consecuencia, de desenvolver actitudes de responsabilidade nos/as alumnos/as, de forma que sexan cada vez máis autónomos/as na súa aprendizaxe e de axudar o/a profesor/a á hora de medir os resultados para corrixir o que non resulte adecuado, proporcionándolle datos sobre a súa estratexia docente e poder cambiar o rumbo do seu traballo se é necesario.

A función formativa da avaliación mide o progreso realizado por cada alumno/a desde o seu nivel inicial. Tamén é unha fonte de información moi importante para a profesora, xa que poderá axustar en cada momento a súa ensinanza ás necesidades suscitadas polos/as alumnos/as, sendo todo isto fundamental para unha adecuada atención á diversidade.

Finalmente, a función sumativa da avaliación avalía a competencia comunicativa do alumnado con respecto aos obxectivos establecidos, e isto tradúcese en cualificacións. O criterio de cualificación será o que se veu aplicando en cursos anteriores, que figura descrito nas presentacións de materia para cada curso e polo cal as cualificacións se obteñen en base ao seguinte esquema: 30% nota do primeiro exame + 30% nota do segundo exame + 30% traballos, exercicios e corrección do caderno do alumno + 10% actitude diaria do alumno de cara á materia.

- Procedemento para obter a cualificación final de curso: media aritmética das cualificacións obtidas en cada un dos trimestres; cando esta media ofrezca un resultado superior a n+0'65, redondearase a nota ao seguinte número enteiro.

#### **5. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA POR NIVEIS (2º e 4º E.S.O.)**

##### **5.1. Temporalización.**

O curso académico prolongase durante nove meses e artéllase en tres trimestres, ao final de cada

un dos cales se celebra unha avaliación con entrega de cualificacións. Non obstante, a duración dos trimestres non é a mesma para todos eles e o número de días lectivos varía, ás veces, considerablemente. No presente curso académico, o número de días lectivos de que se dispón en cada trimestre é o que se amosa embaixo. A secuenciación dos contidos desta programación tivo en conta este cómputo e queda do seguinte xeito para cada un dos cursos:

- 1º trimestre: 71 días lectivos  
(do 08/09 ao 22/12).

- 2º trimestre: 57 íd (do 09/01 ao 31/03).

- 3º trimestre: 46 íd (do 11/04 ao 05/06).

Cursos	1º trimestre / unidades	2º trimestre/ unidades	3º trimestre/ unidades
2º ESO	0, 1, 2	3, 4	5, 6 e repaso
4º ESO	0, 1, 2	3, 4	5, 6 e repaso

Período do 05 ao 22 de xuño: unha vez rematado o 3º trimestre e avaliados os alumnos, terá lugar un período de dobre funcionalidade pois será de repaso e/ou ampliación para os alumnos coa materia superada en todos os trimestres, e de reforzo e recuperación para aqueles con algún trimestre suspenso, para os cales se prevé tamén a realización de probas que axuden a fixar e traballar a comprensión de contidos. Unha vez rematado este período, celebrarase a avaliación ordinaria do curso á que se achegarán os datos recabados do traballo dos alumnos.

## 5.2. Estándares de aprendizaxe, indicadores de logro e grao mínimo de consecución para superar a materia.

Tal e como indica o Decreto 80/2015, do 25 de xuño, a materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques: comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita, expresión escrita e un quinto bloque que recolle os elementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos e que, nesta programación, recibe o nome de “Valores Culturais”.

Para facilitar a lectura e a comprensión desta programación, todos os cursos seguen o mesmo esquema, que se indica a continuación, e os contidos mínimos esixibles xunto cos seus criterios de avaliación aparecen especificados por trimestres ao final de cada un deles.

UNIDADE nº	Contidos	Comprensión e expresión oral
		Comprensión e expresión escrita
Criterios de avaliación		
Avaliación por estándares de aprendizaxe		Estándar
		Instrumentos de avaliación
		Temporalización
Valores culturais		

Establecemos unha escala de indicadores de logro segundo esta descripci3n:

Indicador de logro /Destreza	Comprensi3n oral	Expresi3n oral	Comprensi3n escrita	Expresi3n escrita
<b>Indicador de logro 1</b> <b>(Equivalencia con nota num3rica: 1-2)</b>	Identifica o franc3s. En textos orais adaptados ao seu nivel, comprende algunha palabra aillada en contexto. Non capta o significado global nin coa axuda de xestos.	Emprega palabras soltas; non artella frases. Non transmite o contido que pretende expresar. Mistura palabras procedentes doutras linguas.	Identifica o franc3s na escrita, pero s3 comprende as palabras coincidentes coa lingua materna e as que gardan grande parecido. Nivel de competencia pasiva baixo.	Copia palabras e frases simples co referente 3 vista. Escribe palabras ailladas emulando a fon3tica.
<b>Indicador de logro 2</b> <b>(Equivalencia con nota num3rica: 3-4)</b>	Identifica o franc3s. Comprende palabras ailladas en contexto e pode captar o significado global coa axuda de xestos ou imaxes en situaci3ns de comunicaci3n coñecidas.	Emprega palabras soltas en contexto pero sen formar frases completas. Transmite parcialmente o contido do que quere expresar coa axuda de xestos e imaxes.	Comprende o significado de palabras ailladas en contexto sempre e cando cont3n con apoio visual ou evidente vinculaci3n etimol3xica coa lingua materna. Capta o tema da frase ou texto pero non o significado global nin a intenci3n comunicativa.	Escribe frases curtas con erros gramaticais graves que poden impedir a comprensi3n do que pretende transmitir. Aмосa pouca variedade de l3xico.
<b>Indicador de logro 3</b> <b>(Equivalencia con nota num3rica: 5-6)</b>	Comprende o significado global dun di3logo semellante aos estudados en clase. Recoñece entoaci3ns e intenci3ns comunicativas b3sicas.	Constr3e frases simples con erros gramaticais que, non obstante, non impiden a transmisi3n da mensaxe. Precisa axuda para detectar e corrixir os erros. Ten dificultade para subsanar as carencias de l3xico.	Comprende o significado global. Capta o tema dun texto escrito pero non as ideas secundarias. Pode confundir o detalle cunha idea relevante. Ten dificultades para deducir o significado do l3xico descoñecido.	Redacta textos compostos por frases simples con erros gramaticais que dificultan a comprensi3n pero non a impiden. Emprega un l3xico b3sico formado sobre todo por substantivos e verbos e, en menor medida, por adxectivos, adverbios e conectores.
<b>Indicador de</b>	Comprende o	Constr3e frases	Comprende o	Redacta un texto



<p><b>logro 4</b> <b>(Equivalencia con nota numérica: 7-8)</b></p>	<p>significado global e a meirande parte dos detalles dun diálogo nunha situación comunicativa traballada en clase. Deduce polo contexto parte do léxico descoñecido.</p>	<p>con erros gramaticais leves que posteriormente reconece e corrixe. Consigue transmitir o contido e obter resposta do receptor. Emprega sinónimos ou xiros para compensar as lagoas de léxico.</p>	<p>significado global e a meirande parte dos detalles. As lagoas de léxico non son un problema e pode deducir moitos significados de palabras descoñecidas en contexto.</p>	<p>axeitado ao seu nivel con erros gramaticais leves pero con coherencia. Emprega un vocabulario estándar axeitado á situación de comunicación. Transmite sen ambigüidade o contido e a intención comunicativa.</p>
<p><b>Indicador de logro 5</b> <b>(Equivalencia con nota numérica: 9-10)</b></p>	<p>Comprende a práctica totalidade do texto oral, incluíndo detalles, xogos de palabras, ... Pode prever respostas e adiantarse á conclusión final.</p>	<p>Constrúe frases complexas gramaticalmente correctas, en contexto, coa entoación e o rexistro de lingua axeitados. Emprega fluida e correctamente o léxico coñecido. Amosa recursos para cubrir lagoas.</p>	<p>Comprende o significado global e os detalles, sen ser afectado polos usos dislocados da linguaxe (ironías, metáforas, ...). Distingue a idea principal das secundarias e a intención de comunicación.</p>	<p>Redacta un texto axeitado ao seu nivel con corrección gramatical e ben estruturado. Amosa un gran corpus léxico que emprega con exactitude. Emprega un rexistro de lingua adaptado á situación de comunicación.</p>

### 5.3. Contidos por niveis:

## 2º ESO

### 1º TRIMESTRE:

#### UNIDADE 0

##### CONTIDOS (Repaso)

- Comunicarse na clase.
- Situar no espazo.
- Os números ata o 100.
- As cores.
- Falar das actividades e do tempo libre de cada un.

##### COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL:

- Comunicarse na clase. Pedir permiso, pedir facer algo
- Falar das actividades propias, dos seus pasatempos.
- Citarse con alguén.
- Comprensión oral global e detallada de mensaxes comunicativas da vida cotiá gravadas e da clase.
- Comprensión detallada das situacións comunicativas, do vocabulario empregado e das estruturas sintácticas escoitadas.

- Comprobación da comprensión oral pola lectura simultánea e en voz alta, pola capacidade para reconstruír o significado, pola acción e polas respostas correctas das preguntas de comprensión.
- Adestramento á expresión máis libre: encontrar un final a un diálogo, xogo oral, resposta a preguntas abertas ou de opinión. Encontrar “intrusos”.

## COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

### Comprensión escrita

- Comprensión escrita detallada dos textos curtos e semicurtos, elaborados e semiauténticos que serven de base para a progresión da unidade 1: as instrucións dos exercicios da clase, as instrucións para facer a tarefa global Projet e a transcripción dos modelos orais, a canción, o cómic, etc.
- Comprensión global e funcional (para poder reaccionar ou actuar) dos textos auténticos da unidade: texto de informacións culturais e texto destinado ás estratexias de lectura en silencio. Bromas, xogos de lóxica.

### Expresión escrita

- Reutilización escrita dos modelos orais e escritos (copiar, completar, relacionar respostas e preguntas, relacionar dúas partes dunha frase).
- Expresión escrita guiada: transformación de modelos, elaboracións de frases ou de pequenos textos con axuda de « boîtes à mots ».
- Expresión escrita máis libre: descrición creativa dun/dunha compañeiro/a.

### Criterios de avaliación:

Ao remate da unidade 0, os alumnos deben estar capacitados para:

1. Comprender, repetir e imitar determinados intercambios comunicativos (expresións para comunicarse na clase, diálogos, canción, presentación do seu cuarto).
2. Discriminar e pronunciar correctamente os sons próximos repasados Na unidade e pasar sons estudados á súa grafía.
3. Comunicar en francés para as tarefas escolares, falar das súas actividades e ocios.
4. Ler e comprender sen dificultade todos os textos elaborados do Libro, os exercicios e as instrucións .
5. Comprender textos escritos auténticos semilongos para estar informado ou actuar.
6. Levar individualmente e despois en grupo unha tarefa global creativa integrando destrezas e coñecementos orais e escritos, destinada a coñecer mellor os compañeiros da clase.

### AVALIACIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Estándares	Instrumentos	Temporalización
<p><b>1. Recoñece e emprega o vocabulario de:</b>            Expresións para comunicarse na clase.            Os adxectivos que serven para describir.            Actividades e ocio.            Os números ata o 100.</p> <p><b>2. Razona e emprega en contexto oral e escrito:</b>            - <i>Jouer au</i> + deporte / <i>jouer du</i> + instrumento            - <i>Faire du</i> + actividade            - O nome das materias e o horario escolar.            - <i>Moi aussi</i> / <i>Moi non plus</i>.            - Os artigos contractos con «à»: <i>au, aux</i> e con «de»: <i>du, des</i>            - Inducións, deducións e reflexión sobre o funcionamento dos artigos contractos «de» et «à» (repaso do nivel 1).            - Diferenciar <i>jouer au</i> e <i>jouer du</i>.            - A conxugación de determinados verbos irregulares en -oir(pouvoir e vouloir): o cambio de raíz. Similitudes e diferenzas orais e escritas.</p> <p><b>3. Identifica e reproduce:</b></p>	<p>Proba escrita</p> <p>Revisión do caderno persoal</p>	<p>1º trimestre:            4ª semana de setembro</p>

<p>As consoantes próximas xordas e sonoras [ʃ] e [ʒ].  As vogais orais próximas (cerradas): [i], [y], [u].  A entoación interrogativa.  O acento de insistencia na última sílaba: canción «La vie est belle».  Oe [ʃ]- Escribe <i>ch</i> coma en <i>chat</i>.  Oe [ʒ] - Escribe <i>g</i> coma en <i>collège</i> et <i>gipsy</i> e <i>j</i> en <i>jolie</i>.  Oe [y] - Escribe <i>u</i> coma en <i>une</i>.  Oe [u] – Escribe <i>ou</i> coma en <i>fourmi</i>.  Oe [i] - Escribe <i>i</i> coma en <i>gris</i>.</p>		
---	--	--

## VALORES CULTURAIIS

- A educación en Europa e fóra de Europa.
- Literatura e cine: actores de moda. .
- Valores sociais: diferentes dificultades para ir á escola en países subdesenvolvidos. Xornada internacional de alfabetización.
- Psicoloxía: un cuarto persoal, coñecemento dos demais.
- Lóxica: xogos de lóxica dedutiva e espacial, procedementos sistemáticos, construír o significado comezando polas frases clave, as «phrases clés».
- Educación: actividades e tempo libre.
- Humor: a vida na época de Internet.

## competencias clave

Na unidade 1 priorízanse as sete competencias:

- Competencia en comunicación lingüística (todas as actividades)
- Competencia matemática (xogo de lóxica, relacionar conceptos, a sistematización)
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico (o espazo físico persoal, o cuarto e obxectos familiares, animais de compañía, o deporte e o ocio)
- Competencia dixital (correo electrónico, uso do ordenador como un elemento cotián)
- Competencias sociais e cívicas (interese polo desenvolvemento de países do terceiro mundo, a necesidade de cultura e a educación en países subdesenvolvidos)
- Conciencia e expresións culturais (o cine, debuxo dun cuarto, colaxes, canción)
- Competencia para aprender a aprender (imitación de modelos, tests, corrección de erros)
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (desenvolvemento do gusto e da personalidade, afeccións, sociabilidade)

## UNIDADE 1

### CONTIDOS

A roupa, o calzado e os accesorios.  
O futur proche.

### COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL:

- Falar da roupa.
- Expresar a intensidade.
- Pedir e dar permiso.
- Anunciar que se vai facer algo.
- Comprensión oral global e detallada de mensaxes comunicativas da vida cotiá gravadas e da clase.
- Comprensión detallada das situacións comunicativas, do vocabulario empregado e das estruturas sintácticas escoitadas.
- Comprobación da comprensión oral pola lectura simultánea e en voz alta, pola capacidade para

reconstruír o significado, pola acción e polas respostas correctas das preguntas de comprensión.  
 - Adestramento á expresión máis libre: encontrar un final a un diálogo, xogo oral, resposta a preguntas abertas ou de opinión. Encontrar “intrusos”.

## COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

### Comprensión escrita

- Comprensión escrita detallada dos textos curtos e semicurtos, elaborados e semiauténticos que serven de base para a progresión da unidade 1: as instrucións dos exercicios da clase e a transcripción dos modelos orais, a canción, o cómic, etc.
- Comprensión global e funcional (para poder reaccionar ou actuar) dos textos auténticos da unidade: texto de informacións culturais e texto destinado ás estratexias de lectura en silencio. Bromas, xogos de lóxica.

### Expresión escrita

- Reutilización escrita dos modelos orais e escritos (copiar, completar, relacionar respostas e preguntas, relacionar dúas partes dunha frase).
- Expresión escrita guiada: adestramento ao resumo, transformación de modelos, elaboracións de frases ou de pequenos textos con axuda de « boîtes à mots ».
- Expresión escrita máis libre: descrición do cuarto para envialo ao/á comunicante, expresión escrita, descrición creativa dun/dunha compañeiro/a.

### Criterios de avaliación:

Ao remate da unidade 1, os alumnos deben estar capacitados para:

7. Comprender, repetir e imitar determinados intercambios comunicativos (expresións para comunicarse na clase, diálogos, canción, presentación do seu cuarto).
8. Discriminar e pronunciar correctamente os sons próximos repasados Na unidade e pasar sons estudados á súa grafía.
9. Comunicar en francés para falar da roupa, describir a propia indumentaria e a de outro, falar do que se vai facer en futur proche..
10. Ler e comprender sen dificultade todos os textos elaborados do Libro, os exercicios e as instrucións .
11. Comprender textos escritos auténticos semilongos para estar informado ou actuar.
12. Levar individualmente e despois en grupo unha tarefa global creativa integrando destrezas e coñecementos orais e escritos, destinada a coñecer mellor os compañeiros da clase.
13. Comprender o funcionamento e utilizar correctamente os artigos contractos con *de* e *à*, as diferentes formas de interrogación e as similitudes nas conxugacións irregulares dos verbos *pouvoir* e *vouloir* en presente.

### AVALIACIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Estándares	Instrumentos	Temporalización
<p><b>1. Recoñece e emprega o vocabulario de:</b>            A roupa, o calzado e os accesorios.            As cores, os adxectivos para describir a roupa.            O presente de indicativo do verbo “aller”.</p> <p><b>2. Razona e emprega en contexto oral e escrito:</b>            - <i>Aller</i> + infinitivo            - Os adxectivos descritivos en masculino e feminino.            - Os artigos contractos con «à»: <i>au, aux</i> e con «de»: <i>du, des</i>            - Inducións, deducións e reflexión sobre o funcionamento dos artigos contractos «de» et «à» (repaso do nivel 1).            - A conxugación de determinados verbos irregulares: o cambio de raíz. Similitudes e diferenzas orais e escritas.</p> <p><b>3. Identifica e reproduce:</b>            As consoantes próximas xordas e sonoras [j] e [ʒ].</p>	<p>Proba escrita</p> <p>Proba oral</p> <p>Revisión do caderno persoal</p>	<p>1º trimestre:            outubro e 1ª semana de novembro</p>

<p>As vogais orais próximas (cerradas): [i], [y], [u].  A entoación interrogativa.  O acento de insistencia na última sílaba: canción «La vie est belle».  Oe [j]- Escribe <i>ch</i> coma en <i>chat</i>.  Oe [ʒ] - Escribe <i>g</i> coma en <i>collège</i> et <i>gipsy</i> e <i>j</i> en <i>jolie</i>.  Oe [y] - Escribe <i>u</i> coma en <i>une</i>.  Oe [u] – Escribe <i>ou</i> coma en <i>fourmi</i>.  Oe [i] - Escribe <i>i</i> coma en <i>gris</i>.</p>		
---	--	--

## VALORES CULTURAIIS

- Os hábitos de vestimenta nos adolescentes en Europa e fóra de Europa.
- Literatura e cine: actores de moda. .
- Valores sociais: a moda e as marcas.
- Psicoloxía: coñecemento dos demais.
- Lóxica: xogos de lóxica dedutiva e espacial, procedementos sistemáticos, construír o significado comezando polas frases clave, as «phrases clés».
- Educación: o consumo responsable.

## competencias clave

Na unidade 1 priorízanse as sete competencias:

- Competencia en comunicación lingüística (todas as actividades)
- Competencia matemática (xogo de lóxica, relacionar conceptos, a sistematización)
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico (o espazo físico persoal, o cuarto e obxectos familiares, animais de compañía, o deporte e o ocio)
- Competencia dixital (correo electrónico, uso do ordenador como un elemento cotián)
- Competencias sociais e cívicas (interese polo desenvolvemento de países do terceiro mundo, a necesidade de cultura e a educación en países subdesenvolvidos)
- Conciencia e expresións culturais (o cine, debuxo dun cuarto, colaxes, canción)
- Competencia para aprender a aprender (imitación de modelos, tests, corrección de erros)
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (desenvolvemento do gusto e da personalidade, afeccións, sociabilidade)

## UNIDADE 2

### CONTIDOS

A habitación: mobiliario e decoración.  
A casa: partes da casa.  
As tarefas domésticas.  
Describir accións pasadas recentes.  
A pertenza.  
A comparación.

## COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL

### 1. Actos de fala

- Expresar preferencias e preguntar polas dos demais.
- Falar das actividades cotiás.
- Falar do que se acaba de facer recentemente.
- Indicar e preguntar a quen pertence un obxecto determinado.

### 2. Comprensión oral

- Comprensión oral esencial e detallada das mensaxes cotiás e textos diversos da unidade 2 con apoio ou non da imaxe e do texto escrito.
- Comprensión oral en detalle da estrutura sintáctica correspondente ao *passé récent*: *venir de + infinitif*.

### 3. Expresión oral

- Reprodución oral correcta dos modelos propostos, incluíndo pronuncia, entoación e ritmo.
- Expresión guiada: variación de modelos estudados (exemplo: variacións gramaticais consistentes en pasar ao futuro próximo, pasar ao *passé récent*, cambiar a persoa dos verbos, etc.).
- Expresión semilibre, individual e en subgrupos: inventar e facer que falen uns personaxes, contar o desenvolvemento duns acontecementos pasados ou futuros, representar unha historia misteriosa inventada.
- Xogos orais de reutilización de estruturas sintácticas.

## COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

- Relatos escritos.
- Relatos en forma de diálogo: “*Les adolescents et les jeux vidéo*”.
- Comprensión escrita funcional e detallada das instrucións, exercicios da clase e transcripción dos textos gravados da unidade 2.
- Comprensión escrita global e funcional de consellos para transformar unha lectura en espectáculo e crear ambiente nun relato oral.
- Comprensión funcional non lineal dun anuncio.
- Resposta a unhas preguntas cerradas ou abertas. Completar textos con ocos. Frases para completar. Recuperar a orde de frases e textos.
- Expresión escrita guiada: transformación dun texto (pasar do presente ao pasado recente), explicacións, composición dun resumo.
- Expresión semilibre en situación: imitación dun relato.
- Expresión máis libre a partir de elementos impostos que combinan as adquisicións da unidade.
- Xogos de escritura.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Ao remate da unidade 2, os alumnos deben estar capacitados para:

1. Comprender en detalle, repetir, representar con xestos ou imitar os intercambios comunicativos orais da unidade (historias, relatos en pasado, anécdotas...).
2. Diferenciar e pronunciar correctamente os sons próximos repasados Na unidade 2: [f] / [v] et [e] / [ɛ] / [ə], seguidamente pasar dos sons ás grafías con valor gramatical ou fonético (exemplo: o son [e] pode significar «plural» e escribirse *-es*, «infinitivo» e escribirse *-er*, « 2ª persoa de plural» e escribirse *-ez*).
3. Describir unha vivenda nomeando o seu mobiliario.
4. Ler e comprender en detalle e sen dificultade relatos sinxelos escritos en pasado recente, as instrucións dos exercicios e todas as formulacións do Libro.
5. Recoñecer e construír o presente, o *passé récent*, na forma afirmativa dos verbos coñecidos.
6. Comprender de maneira funcional uns textos escritos auténticos prescritivos: seguir uns consellos para a lectura en público, descifrar os indicios para resolver un xogo de lóxica, tomar posición para defender a paz no mundo.

## AVALIACIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Estándares	Instrumentos	Temporalización
<b>1. Recoñece e emprega o vocabulario de:</b> <input type="checkbox"/> As partes da casa, o mobiliario xeral. O dormitorio e o mobiliario específico do dormitorio.	Proba escrita  Proba oral	1º trimestre: 2ª - 3ª e 4ª semanas de

<p><input type="checkbox"/> Verbo “venir”</p> <p><b>2. Razo e emprega en contexto oral e escrito:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Venir <i>de</i> + infinitivo.</li> <li>- Os adxectivos</li> <li>- Os determinantes posesivos</li> <li>- Observa e induce o funcionamento do <i>passé récent</i> na forma afirmativa e negativa. Formula e memoriza as regras de construción.</li> <li>- Reflexiona a partir da observación das diferenzas entre a pronuncia e a ortografía:</li> <li>- Ortografía fonética e gramatical: [e]= -é (<i>les, mes</i>) -&gt; valor de plural, [e]= -er (<i>aller, regarder</i>) -&gt; valor de infinitivo, [e]= -ez (<i>venez</i>) -&gt; valor da 2ª persoa de plural dos verbos.</li> <li>- Diferencia no oral e na escrita entre o presente e o pasado (<i>je mange / j'ai mangé</i>), entre o participio pasado e o infinitivo.</li> <li>- Discrimina as vogais orais próximas semiabertas e semicerradas: [e], [ɛ], [ə].</li> <li>- Discrimina as consoantes próximas xorda e sonora [f] e [v].</li> </ul>	<p>Revisión do caderniño persoal</p>	<p>novembro 1ª semana de decembro</p>
---	--------------------------------------	---

## VALORES CULTURAI

- As actividades de tempo libre e os video xogos.
- Valores sociais: seguridade, prevención contra a extorsión a menores, «la paix, c'est quoi?», toma de posición persoal para cambiar o mundo.
- Psicoloxía: expresión dos sentimentos propios.
- Lóxica: xogos de lóxica dedutiva, encontrar unha palabra letra por letra, encontrar as solucións sucesivas empezando polas frases clave e facendo dous razoamentos paralelos que se conxugan para encontrar o resultado final.
- Educación: creatividade de grupo

### competencias clave

Na unidade 2 priorízanse as competencias seguintes:

- Competencias en comunicación lingüística (todas as actividades)
- Competencia matemática (xogos de lóxica dedutiva)
- Competencia dixital (correo electrónico)
- Competencias sociais e cívicas (valores e inquietudes sociais, capacidade para traballar en grupo)
- Conciencia e expresións culturais (literatura, cine de terror, lectura dramatizada, efectos especiais de ambientación, exposición das obras)
- Competencia para aprender a aprender (aceptación do fallo emitido polos compañeiros, capacidade para vulgar a calidade dunha produción partindo duns criterios compartidos).
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (expresión das emocións, presentación en público dun traballo, dunha obra, captar o interese dun auditorio).

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO 1º TRIMESTRE E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Dado que a primeira parte deste trimestre se adicará, tal e como figura nos contidos, a repasar os coñecementos adquiridos en 1º curso E.S.O., os primeiros puntos deste repertorio de criterios pertencen realmente a dito curso e non ao que agora nos ocupa; a razón de incluílos é que se terán en conta.

- Utilizar discriminadamente os tres artigos.
- Expresar oralmente e por escrito as actividades diarias típicas da adolescencia.
- Comprender e expresar os números ata o 100.
- Comprender e formular o passé récent empregando a estrutura co verbo venir.
- Falar da roupa empregando adxectivos en masculino e feminino para describila.
- Situar no espazo empregando as preposicións de lugar.
- Utilizar o vocabulario do mobiliario, describir unha habitación e situar obxectos. Expresar a posesión.

## **2º TRIMESTRE:**

### **UNIDADE 3**

#### **CONTIDOS**

O vocabulario dos deportes.

A posesión.

Falar das actividades persoais

Falar das actividades fóra do centro escolar

#### **COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL**

##### **1. Actos de fala**

- Exprsear a realización dunha actividade deportiva.
- Falar das actividades e dos costumes da familia propia ou doutra
- Falar dos costumes cotiáns e informarse dos dos outros
- Falar de actividades que se realizan fóra do centro
- Falar de proxectos realizados no centro ou fóra del
- Expresar a posesión ou a pertenza mediante artigos posesivos.

##### **2. Comprensión oral**

- Comprensión oral global e detallada. Localización de informacións orais con soporte do escrito e da imaxe.
- Localización de palabras coñecidas e descoñecidas na globalidade sonora (diálogos, monólogos, cancións) con ou sen apoio visual.
- Hipóteses e dedución do sentido de palabras e expresións novas en situación con ou sen apoio da imaxe.
- Identificación de estruturas verbais que concretan o significado (jouer à, faire de) nas gravacións.

##### **3. Expresión oral**

- Reprodución oral, reformulación libre, resumo oral ou reconstrución do sentido dun diálogo e outros modelos rexistrados.
- Expresión guiada: a) descrições orais a partir de ilustracións, respostas a preguntas concretas ou semiabertas b) reutilización de estruturas concretas baixo forma de exercicios ou de xogos orais.
- Adestramento a unha expresión máis libre: a) resposta libre a preguntas situacionais abertas ou a unha entrevista b) formulación de comparacións entre dúas informacións orais e escritas (diálogo telefónico / escrito de prensa) c) pequeno relato oral a partir dunha situación (as actividades dunha xornada) dicir por que razón se prefire un proxecto a outro e) inventar un proxecto da clase.



## COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

- Comprensión exhaustiva das transcricións dos textos gravados (canción, diálogos, etc.).
- Procura de diferenzas entre as informacións ofrecidas por un fragmento de artigo de periódico e un diálogo. Percepción do humor.
- Comprensión escrita funcional de pequenos textos auténticos descritivos de proxectos da clase. Procura de datos concretos.
- Lectura de textos auténticos máis extensos. Elaboración e confirmación de hipóteses sobre o significado. Comparacións. Apoio do sentido pola imaxe situacional ou descritiva. Interpretación persoal. Imaxinar a partir do que se le.
- Expresión escrita guiada: complemento dunha narración ou dun diálogo con ou sen apoio da gravación ou dunha «boîte à mots» b) Respostas a preguntas cerradas ou semiabertas, variación dunha estrutura de frase ou de texto con modificacións en cadea (do presente ao pasado, do participio pasado ao infinitivo, da forma negativa á forma afirmativa, do singular ao plural, etc.).
- Expresión escrita semilibre e libre: formulación ou reformulación dun resumo, elaboración dunha pequena narración con ou sen modelo, redacción dun proxecto da clase, simulación de rol (entrevista a un grupo de estudantes sobre o seu proxecto).

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ao remate da unidade 3, os alumnos deben estar capacitados para:

1. Comprender, reproducir e imitar intercambios comunicativos orais de extensión media (conversación telefónica, sondaxes sobre as actividades deportivas dalguén, presentación dos costumes da familia.).
2. Memorizar trabalinguas diferenciando ben os sons próximos [õ] on / om e [o] o / au / eau, [b] e [p], e saber pasalos do oral ao escrito.
3. Localizar as diferenzas entre unhas informacións oídas e lidas.
4. Facer unha sondaxe sobre os hábitos diarios dos compañeiros e da súa familia, comentar ou imaxinar un proxecto da clase nunha escola con inquietudes deportivas. Expresar accións pasadas.
5. Elaborar en grupo un proxecto sobre o que se vai realizar unha entrevista. Esforzarse por falar en francés nos subgrupos. Usar correctamente a interrogación.
6. Comprobar na clase a súa capacidade de memorización e de resolución dun xogo de lóxica, matematicamente ou por lateralidade. Autoavaliarse e avaliar os compañeiros de maneira natural e sen temor ao erro.

## AVALIACIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Estándares	Instrumentos	Temporalización
<b>1. Recoñece e emprega o vocabulario de:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Os deportes.</li><li>• Os determinantes posesivos.</li><li>• Accións cotiás expresadas cos verbos <i>jouer</i> e <i>faire</i>.</li></ul> <b>2. Razona e emprega en contexto oral e escrito:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Os determinantes posesivos</li><li>- O verbo <i>devoir</i> en presente de indicativo</li><li>- O imperativo seguido dos pronomes COD e COI</li><li>- Observa a construción da cadea sintáctica: <i>jouer à, faire de</i> realizando a contracción co artigo correspondente (au, à la, à l', aux; du, de la, de l', des)</li><li>- Observa e formula a regra de uso dos adxectivos posesivos (posuidores e obxecto posuído en singular e plural).</li></ul> <b>3. Identifica e reproduce:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Distingue as vogais orais e nasais próximas:[õ] / [o].</li><li>• Distingue as consoantes oclusivas próximas: [p] xorda</li></ul>	Proba escrita  Proba oral  Revisión do caderniño persoal	2º trimestre: xaneiro e 1ª e 2ª semanas de febreiro

[b] sonora		
Oe	Escribe	
[p], [b]	<i>p, b</i>	
[ô],	<i>on ou om (tonton / tombe)</i>	
[o]	<i>au (chaud), o (pédalo), ou eau (eau)</i>	

## VALORES CULTURAIS

- A práctica do deporte en Francia.
- Proxectos de escolas francesas activas.
- Sociedade: proxecto *Les jeux Olympiques de la Jeunesse*.
- Lingüística e humor: xogos de lingua.

### competencias clave

Na unidade 3 priorízanse as sete competencias:

- Competencia en comunicación lingüística (todas as actividades)
- Competencia matemática (xogo de lóxica, clasificacións de palabras, xogos de dedución)
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico (mediante a práctica do deporte).
- Competencia dixital (correo electrónico)
- Conciencia e expresións culturais (a prensa e os actos sociais, as profesións)
- Competencias sociais e cívicas (proxectos solidarios, axuda social, coñecer outras realidades)
- Competencia para aprender a aprender (intercambios escolares, exercitar a memoria)
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (sentido do humor, desenvolvemento e expresión da propia personalidade, gustos)

## UNIDADE 4

### CONTIDOS

Os alimentos e as bebidas.

As cantidades e os envases.

O artigo partitivo.

As sensacións (fame, sede, sono, ...).

Os números a partir de 100.

### COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL

#### 1. Actos de fala

Enumerar artigos de alimentación

Expresar unha cantidade

Pedir un produto nunha tenda de alimentación empregando fórmulas de cortesía.

Enumerar produtos que hai que comprar.

#### 2. Comprensión oral

- Comprensión oral detallada á primeira escoita con soporte da lectura e da imaxe. Apoios auditivos e visuais: as entoacións e as mímicas. .

- Comprensión en detalle: localización de diferenzas entre o que se oe e a ilustración correspondente.

- Demostración do nivel de comprensión oral a través da serie de detalles ou de expresións precisas oídas nas microconversas.

- Comprensión do sentido dunha mensaxe oral con dedución á primeira escoita do contexto situacional: *qui parle? où est-ce que tu entends ces phrases?*

- Comprobación da comprensión: repetición correcta ou reconstrución do sentido dos diálogos.

- Explicitación do problema de comunicación proposto ao longo dun minidiálogo e elección da

imaxe que representa a situación.

- Identificación oral das terminacións verbais do futuro, observación dos cambios de raíz nos futuros irregulares e da inclusión do pronome *en* nas formas presentes e pasadas.

### 3. Expresión oral

- Reprodución: a) reformulación libre dun diálogo ou reconstrución do sentido dun diálogo e doutros modelos gravados b) lectura en voz alta de maneira natural (textos de cómic) c) lectura cada vez máis rápida.

- Expresión guiada: a) xogo de memorización en cadea, b) comentarios orais e explicacións sobre un texto oral ou escrito, c) automatismos de respostas a preguntas concretas para reutilizar o vocabulario e as estruturas estudadas d) reutilización de estruturas concretas baixo forma de exercicios ou de xogos orais (o pronome *en*)

- Adestramento á expresión libre: a) imaxinación doutros episodios, doutras anécdotas para a mesma situación, b) invención doutra historia parecida, c) expresión en situación comunicativa real ou simulada: poñerse de acordo no seu grupo de traballo, emitir unha opinión, dar unha explicación, d) realizar a lectura cada vez máis rápida.

## COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

- Comprensión exhaustiva das transcripcións dos textos gravados (monólogo, conversas, diálogo por teléfono ou en tendas, cómic).

- Lectura rápida e funcional de textos curtos ou de documentos gráficos: uns rótulos de tendas, unhas listas de compras e unhas réplicas de *chat* por Internet.

- Comprensión práctica e funcional dun xogo de lóxica.

- Comprensión do humor en textos de cómic co apoio das ilustracións.

- Comprensión exhaustiva dun texto prescitivo (receita culinaria).

- Lectura de informacións auténticas extraídas de revistas para adolescentes.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Ao remate da unidade 4, os alumnos deben estar capacitados para:

1. Comprender, reproducir e imitar intercambios comunicativos orais de extensión media (facer compras nas tendas de alimentación, comprender a noción da cantidade para realizar unha receita).
2. Divertirse coa memorización de trabalinguas diferenciando ben os sons [sk] / [st] / [sp], e saber transcribilos.
3. Ler e interpretar en voz alta un cómic reproducindo as características da lingua oral (rapidez, ritmo, contraccións, entoacións, paso da grafía ao son correcto).
4. Utilizar indistintamente as expresións *aller à / chez* para referirse a unha tenda / un profesional.
5. Elaborar unha receita e enviala ao seu comunicante.

## AVALIACIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Estándares	Instrumentos	Temporalización
<b>1. Recoñece e emprega o vocabulario de:</b> <input type="checkbox"/> Comerciantes e tendas de alimentación <input type="checkbox"/> Utensilios de cociña e servizo de mesa <input type="checkbox"/> Produtos alimenticios.	Proba escrita  Proba oral	2º trimestre: 3ª e 4ª semanas de febreiro e 1ª marzo
<b>2. Razona e emprega en contexto oral e escrito:</b> - <i>Aller à la boulangerie / aller chez le boulanger.</i> - Fórmulas relativas a comprar e vender: <i>Vous désirez? C'est combien?</i> - Valoracións sobre os prezos: <i>C'est cher / C'est bon marché!</i> - Frase longa en pasado con enumeración. - Repaso da expresión <i>en</i> + material: <i>en papier, en carton...</i> -	Revisión do caderniño persoal	

<p>-Futuro simple dos verbos regulares e algúns irregulares frecuentes, uso e formación.</p> <p>- Pronome persoal <i>en</i>/ complementos COD con partitivo.</p> <p>- Negación con <i>pas de</i> + COD.</p> <p>- Observa e deduce a regra de substitución dos COD precedidos de partitivos, polo pronome persoal <i>en</i> e a súa colocación nas frases en presente afirmativas e negativas.</p> <p>- Deduce a regra de formación do verbo regular en <i>-er manger</i>.</p> <p>- Observa, compara e constrúe os verbos irregulares <i>boire, prendre</i>.</p> <p>- Reflexiona sobre o uso do partitivo e a súa necesidade.</p> <p><b>3. Identifica e reproduce:</b></p> <p>- Consoantes oclusivas precedidas por [s ]: [sp], [st ], [sk ], etc.</p> <p>- O –s líquido, produce o son correctamente sen apoio de vocal.</p> <p>Oe                    Escribe</p> <p>[sp]                    <i>sp (spécial)</i></p> <p>[st ]                    <i>st (stupide)</i></p> <p>[sk ]                    <i>sq, sk, sc (squelette, ski, score)</i></p>		
--	--	--

## VALORES CULTURAIS

- Tendas e produtos franceses.
- Tradicións. As crêpes e a Chandeleur.
- Lóxica: xogo de lóxica dedutiva, considerar todos os elementos, resolución por eliminación.
- Sociedade: as compras, o mercado, a alimentación.
- Psicoloxía: capacidade de organización, creatividade, orixinalidade.
- A gastronomía: un aspecto máis da cultura dun país.

### competencias clave

Na unidade 4 priorízanse as competencias seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (todas as actividades).
- Competencia matemática (xogo de lóxica dedutiva, listas de expresións).
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico (a alimentación sa, alimentos e receitas, o peso e a medida, o consumo intelixente).
- Competencia dixital (chatear, consultar Internet, uso do correo electrónico).
- Conciencia e expresións culturais (respecto polas tradicións).
- Competencia para aprender a aprender (ampliar información, buscar datos).
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (organización, orixinalidade, saber comprar).

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO 2º TRIMESTRE E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Dado que o progreso na asimilación de contidos desta asignatura se avalía de forma continua, seguirán sendo obxecto de avaliación e cualificación os contidos do 1º trimestre, segundo os criterios anteriormente descritos.

- Comprender e empregar o léxico dos alimentos, sendo capaces de pedir e adquirir produtos en diferentes establecementos. Redactar unha receita.
- Ser capaces de explicar os deportes que se practican.
- Comprender e coñecer o léxico dos deportes.
- Comprender e empregar o léxico dos alimentos e as bebidas.
- Conxugar os verbos: *jouer à, faire de, manger, boire, prendre*.

## 3º TRIMESTRE

## UNIDADE 5

### CONTIDOS

- O campo: os animais de granxa e os insectos.
- O passé composé.
- O verbo *savoir*.
- A negación II.

### COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL

#### 1. Actos de fala

- Expresar habilidades.
- Dar unha resposta negativa.
- Referirse a alguén utilizando pronomes persoais
- Expresar a causa.
- Narrar en pasado.

#### 2. Comprensión oral

- Comprensión oral detallada de informacións sobre animais domésticos coñecidos.
- Comprensión exhaustiva do significado e da forma das mensaxes orais destinadas á achega activa de novas estruturas, actos de fala e puntos de gramática novos da unidade.
- Comprensión rápida e exhaustiva de preguntas en situación simulada (*Pourquoi...? Parce que...*).
- Recorte da cadea sintáctica oral. Exemplo: inserción do pronome persoal COD ou *en*, as dúas partículas da negación.

#### 3. Expresión oral

- Reprodución oral, reformulación libre, resumo oral ou reconstrución oral do sentido dun diálogo semilongo, dun texto escrito curto.
- Expresión guiada: a) respostas a preguntas concretas ou semiabertas. Ex.: *Pourquoi? Parce que ...?* b) reutilización e fixación das estruturas estudadas (redución da frase cos pronomes persoais complementos, imperativos) en forma de exercicios variados de adiviñas e xogos orais «devinez à qui je pense», c) canción.
- Adestramento á expresión máis libre: a) preferencias na elección dun animal de compañía, b) descrición oral e comentarios libres sobre o aspecto dos animais c) explicación das razóns dunha preferencia.

### COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

#### 1. Tipoloxía de textos para a linguaxe escrita

- Textos auténticos e fabricados
- Transcrición dos diálogos e textos gravados
- Letra dunha canción

#### 2. Comprensión escrita

- Comprensión exhaustiva da forma e do sentido nas transcricións escritas dos textos gravados (diálogos, comentarios).
- Lectura comprensiva da carta dun restaurante.
- Lectura rápida ou funcional de documentos gráficos informativos sobre as características dun animal.
- Lectura para buscar informacións prácticas nun folleto zoolóxico (ollada por riba).
- Comprensión detallada de indicacións para orientarse nun plano e para resolver un xogo de lóxica.
- Comprensión da relación entre forma e significado nun cartel de cine. Lectura da imaxe e do texto. Análise, dedución e indución.
- Comprensión práctica e funcional da formulación escrita dun xogo de lóxica con apoio de

ilustración.

### 3. Expresión escrita

- Copia: Copia de palabras, de frases e de pequenos textos. Reconstrución e copia de frases en desorde.
- Expresión escrita guiada: a) completar frases, ou diálogos con ou sen «boîte à mots», b) respostas sinxelas e máis elaboradas, a preguntas escritas c) variación dunha estrutura: paso á forma negativa, relación dos complementos cos seus pronomes persoais d) responder por escrito as preguntas sobre unhas fichas con información sobre un animal.
- Expresión escrita semilibre e libre: a) preparar uns carteis sobre un animal perdido b) relato das características dun animal a partires das informacións dun folleto.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Ao remate da unidade 5, os alumnos deben estar capacitados para:

1. Comprender de maneira relativamente autónoma as instrucións e os textos orais e escritos da unidade: informacións determinados animais, carteis de animais perdidos ou en adopción..
2. Reproducir con erros a formación do *passé composé*.
3. Describir a aparencia dun animal e falar da súa fisionomía.
4. Xogar oralmente a un xogo de adiviñas empregando a pregunta *Pourquoi?*.
5. Comprender onde se colocan os pronomes persoais COD nas frases de presente, na forma afirmativa e negativa. Reutilízalos correctamente oralmente ou por escrito.
6. Axudar os alumnos a comparar a súa aptitude para poñer en movemento os seus recursos persoais para falar en francés.
7. Presentar un animal e envíalo ao seu comunicante por correo electrónico.
8. Elaborar en grupo uns folletos informativos. Falar en francés nos subgrupos.
9. Comprender, reproducir e imitar intercambios comunicativos orais e escritos en negativa e afirmativa..
10. Interpretar un diálogo ou texto estudado.

### AVALIACIÓN POR ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Estándares	Instrumentos	Temporalización
<p><b>1. Recoñece e emprega o vocabulario de:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Os elementos da paisaxe rural.</li><li>- Os animais de granxa e os insectos.</li><li>- O verbo <i>savoir</i> en presente de indicativo.</li></ul> <p><b>2. Razona e emprega en contexto oral e escrito:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- A estrutura do <i>passé composé</i> co auxiliar <i>être</i> e <i>avoir</i>.</li><li>- A concordancia do participio no <i>passé composé</i> co suxeito.</li><li>- Conxugación do verbo <i>savoir</i>.</li><li>- Os pronomes persoais directos (<i>le, la, les</i>)</li><li>- O pronome <i>en</i></li><li>- A colocación dos pronomes persoais COD <i>le, la, les</i> e do pronome <i>en</i> na frase negativa en presente.</li><li>- Observa e compara coa lingua propia a colocación dos pronomes persoais COD e <i>en</i> con <i>passé composé</i>, na forma afirmativa.</li><li>- Observa o significado e a colocación dos pronomes complementos COD (<i>le, la les</i>) e (<i>en</i>) en relación co <i>passé composé</i>, en forma afirmativa.</li></ul> <p><b>3. Identifica e reproduce:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- As consoantes oclusivas próximas: [k] xorda / [g] sonora.</li><li>- As vogais orais próximas [Ø] / [oe] / [ɔ].</li></ul> <p>Oe                      Escribe</p>	<p>Proba escrita</p> <p>Proba oral</p> <p>Revisión do caderniño persoal</p>	<p>3º trimestre: abril e 1ª semana de maio</p>

- [k] [g]	<i>c, ou k, ou q, ou qu, (coq, quatre, kart)</i> <i>g, ou gu (gaz, guépard)</i>		
- [Ø] [œ] [ɔ]	<i>eu (bleu)</i> <i>eu, oeu (fleur, soeur)</i> <i>o (ordinateur)</i>		
<p>- Reflexiona sobre as diferentes ortografías do son consonántico [k]: c, q, qu, k; e as dúas maneiras de escribir o son [g]: g, ou gu (segundo a vogal seguinte).</p> <p>- Distingue: <i>Ne prenez pas</i> e <i>N'en prenez pas</i>: unha soa diferenza sonora para unha diferenza de estrutura.</p> <p>- As diferenzas orais e escritas na conxugación do verbo <i>venir</i> en presente: o cambio de raíz.</p> <p>- O «e» mudo que se escribe e non se pronuncia.</p>			

## VALORES CULTURAIS

A diversidade do medio natural, a importancia dos animais, o respecto polos seus dereitos como seres vivos..

Psicoloxía: sentido da realidade, desprazamento no espazo, orientación nun mapa.

Sociedade: coñecemento e valoración da súa cidade ou da súa rexión.

Comunicación: intercambios escolares entre dúas linguas e dous países.

Texto: «La fête de la nature».

Lóxica: xogo de lóxica dedutiva.

Competencias clave: na unidade 5 priorízanse as sete competencias.

- Competencia en comunicación lingüística (todas as actividades)
- Competencia matemática (xogo de lóxica)
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (o medio natural: os animais)
- Competencia dixital (correo electrónico, a tecnoloxía)
- Competencias sociais e cívicas (a biodiversidade)
- Conciencia e expresións culturais (elaboración dun folleto informativo sobre un animal)
- Competencia para aprender a aprender (recursos para expresarse con maior soltura, a entoación, a xestualización)
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (orientación nunha cidade estranxeira, interpretación dun plano)

## UNIDADE 6

### CONTIDOS

As sensacións de dor.

A negación na estrutura do *passé composé*.

Resumir unha situación oralmente e por escrito. Contar un suceso en pasado, describir a situación. Indicar a cronoloxía de varias accións.

As tendas.

Os medios de transporte.

### COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL

1. Actos de fala

- Expresar a dor e as sensacións de frío e calor..
- Indicar qué produtos se venden nas diferentes tendas.
- Falar dos medios de transporte que se empregan.
- Expresar negociacións.

- Contar ou resumir oralmente unha situación que se está vivindo.
- Contar un acontecemento, describir unha situación en pasado.

## 2. Comprensión oral

- Localización de expresións concretas e de formas gramaticais para estudar (*avoir mal à + parte do corpo, chez + nom propre, nom commun, pronom tonique*)
- Identificación da forma negativa do passé composé.
- Comprensión suficiente para poder comentar unha opinión, elixir o argumento máis razoable ou localizar o máis utilizado.
- Comprensión oral detallada de varios diálogos cunha decena de réplicas sen soporte escrito. Apoio da imaxe situacional e dunha «boîte à expressions». Comprobación da comprensión por medio de preguntas sobre a situación, un test e as razóns de comunicarse.
- Comprensión exhaustiva dun relato con imaxes, co apoio simultáneo do texto escrito.
- Comprobación da comprensión pola repetición, a reconstrución do sentido dos diálogos e localización de determinados elementos.
- Identificación oral das formas verbais do *passé composé* para describir as accións cronolóxicas.

## 3. Expresión oral

- Reformulación libre, ou reconstrución do sentido dos diálogos, e outros modelos gravados. Posta en escena e interpretación dun diálogo estudado e memorización fragmentada en pequenas secuencias estruturadas. Lectura en voz alta dunha escena imitando as entoacións.
- Expresión guiada: a) respostas a preguntas concretas ou semiabertas, b) resposta a unhas preguntas de comprensión, explicitacións de informacións erróneas, explicacións ou peticións de aclaración a propósito dun texto oral ou escrito c) reutilización e fixación das estruturas estudadas (as diversas negacións, a comparación ) en forma de exercicios variados de adiviñas e xogos orais.
<p><b>1. Recoñece e emprega o vocabulario de:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Emocións, reaccións ante un problema.</li> <li>• Adxectivos e pronomes indefinidos.</li> <li>• Fórmulas de cortesía.</li> <li>• Expresións da semellanza.</li> <li>• As vacacións. As viaxes. A natureza e os animais..</li> <li>• Expresións da descrición subxectiva.</li> <li>• Sensacións, opinións.</li> </ul> <p><b>2. Razona e emprega en contexto oral e escrito:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A expresión sintáctica da comparación, establecemento de diferenzas e semellanzas (<i>l'un..., l'autre..., mais celui-ci..., par contre celui-là...</i>).</li> <li>- O pluscuamperfecto. Induce as regras de formación a partir do <i>passé composé</i> e do imperfecto.</li> <li>- -A interrogación (<i>qui, où, quand, pourquoi...?</i>).</li> <li>- Os tempos verbais: usa o pasado / presente / futuro.</li> <li>- Compara a interrogación / a narración e a exclamación.</li> <li>- Os pronomes e dos adxectivos indefinidos (<i>chaque, chacun, aucun, plusieurs</i>, concordándoos axeitadamente).</li> </ul>	<p>Proba escrita</p> <p>Proba oral</p> <p>Revisión do caderniño persoal</p>	<p>3º trimestre: 2ª – 3ª e 4ª semanas de maio, 1ª semana de xuño.</p>

<p>- Distingue as diferenzas sintácticas segundo o rexistro de lingua (nivel coloquial ou formal).</p> <p><b>3. Identifica e reproduce:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O pluscuamperfecto.</li> <li>- Le en voz alta.</li> <li>- Termina un conto.</li> <li>- Presenta un póster ou un cartel.</li> <li>- Expresa emocións a partir dunha colaxe.</li> <li>- Toma notas a partir de conversacións gravadas.</li> <li>- A frase interrogativa.</li> <li>- O ritmo na narración.</li> <li>- Interpreta correctamente as instrucións escritas e os consellos.</li> <li>- Relaciona fotografías con conversas escoitadas en gravacións.</li> </ul>		
--	--	--

## VALORES CULTURAIS

- Humor e literatura, relación entre a cultura e a forma de expresarse.
- Conto para nenos *Les trois petits cochons*.
- Sociedade: as sondaxes de opinión e as enquisas sobre as formas de vivir e de reaccionar fronte a certos problemas.
- Valores persoais e sociais: os valores que ditan as nosas reaccións «En notre âme et conscience»: honestidade contra mentira, educación contra mala educación, outros comportamentos cívicos.
- Arte: a pintura e a sensibilidade artística ante un cadro.
- Psicopedagogía: expresión das súas emocións e da súa sensibilidade, adestramento das diferentes técnicas de síntese.
- Lóxica e matemáticas: xogo de lóxica.

## COMPETENCIAS

Na unidade 6 priorizamos as competencias seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (todas as actividades, distintos rexistros).
- Competencia matemática (xogos de lóxica, relacionar elementos).
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (o deporte: le Tour de France, xogo de observación).
- Competencias sociais e cívicas (comportamento educado, rexeitar actitudes negativas para a convivencia).
- Conciencia e expresións culturais (a pintura: distintos estilos e modalidades, cores, os contos tradicionais).
- Competencia para aprender a aprender (saber sintetizar, resumir).
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (reaccionar ante a falta de civismo, expresar os sentimentos e as emocións, atopar parecidos, valor simbólico dunha paisaxe; bos propósitos para o curso).

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO 3º TRIMESTRE E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Dado que o progreso na asimilación de contidos desta asignatura se avalía de forma continua, seguirán sendo obxecto de avaliación e cualificación os contidos do 1º e 2º trimestres, segundo os criterios anteriormente descritos.

- Coñecer e empregar o léxico das profesións; redactar e comprender un CV.



- Narrar correctamente tanto feitos do pasado combinando *imparfait e passé composé*, indicando momento da acción e duración.
- Formar frases que expresen a causa, a consecuencia, a finalidade e a concesión.
- Ser capaz de escribir unha carta para pedir información.
- Coñecer e utilizar correctamente os nexos finais, concesivos, causais e consecutivos en oracións subordinadas.

## **6. PLANS DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.**

### **6.1. Contidos esixibles:**

Considerarase que os alumnos coa materia suspensa de cursos pasados teñen superada a materia de francés, unha vez acadados os contidos mínimos esixibles que, nesta programación didáctica, figuran ao termo de cada trimestre para cada un dos niveis.

### **6.2. Programa de Reforzo para Pendentes:**

Na vindeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica, quedarán fixadas as datas exactas en que, no mes de maio, terán lugar as probas para que os alumnos con materias pendentes de outros cursos teñan a posibilidade de superalas.

Aos alumnos coa materia de Segunda Lingua Estranxeira Francés pendente de cursos anteriores proporcionaráselles unha guía que incluírá:

- A data aproximada (semana) de maio en que terán lugar os exames.
- Os contidos mínimos esixibles que figuran nesta programación.
- Os criterios de avaliación.
- Un caderniño composto de fichas de teoría e exercicios prácticos avaliábeles cuxas cualificacións computarán xunto coa nota obtida nas probas de maio.
- As actividades requiridas sobre o libro de lectura obrigatoria.

A distribución do traballo (as fichas do caderniño e o libro de lectura) farase aproximadamente cada dous meses, tratando de que as entregas coincidan cos períodos vacacionais (Nadal, Entroido e Semana Santa), para que o tempo empregado na recuperación desta materia non perxudique ao alumno no estudo das outras materias que esté a cursar. Paralelamente, os alumnos poden dirixirse a este departamento en calquera recreo para resolver os problemas que lles poidan xurdir.

### **6.3. Criterios para superar a materia pendente pola avaliación continua:**

- a. Grao de corrección na elaboración das actividades que conforman o caderniño de pendentes e cualificación obtida en cada unha das fichas.

- b. Interese amosado polo alumno na realización de ditas actividades e de cara á materia.
- c. Autonomía á hora de resolver as actividades e de utilizar as diversas fontes de información: libro de texto, diccionario, gramática, ... etc.
- d. Puntualidade nas entregas dos traballos e actividades.
- e. Progresión axeitada nos contidos: afianzamento de coñecementos previos e adquisición de novos coñecementos.
- f. Autoconfianza e seguridade no proceso de aprendizaxe.
- g. Grao de consecución dos obxectivos fixados polos contidos mínimos esixibles.
- h. Capacidade de autoavaliación: o alumno ha ser capaz de identificar os propios erros e corrixilos perfeccionando a súa aprendizaxe. Capacidade de autocrítica.
- i. Valoración da materia como un instrumento útil á hora de achegarse á cultura dos outros falantes.
- l. Valoración e respecto pola lingua e a cultura francesas, en particular; e polo resto das linguas e culturas en xeral.

#### 6.4. Actividades de avaliación:

As actividades de avaliación divídense en tres tipos e a súa temporalización coincide con cada un dos tres trimestres do curso, son as seguintes:

- 1º trimestre: os alumnos realizarán ao longo deste trimestre, baixo a supervisión e a guía da profesora, un caderniño composto por unhas 11 fichas de actividades graduadas en dificultade. Cada ficha se corresponde a cada unha das 11 semanas de que se compón o trimestre se exceptuamos as semanas de setembro, que os alumnos empregan para poñerse en contacto cos profesores de cada materia.

A efectos de cualificación, este caderniño computará un 25% da nota global e atenderá aos puntos a., c., d., f. e h. que figuran no apartado anterior (6.3. Criterios para superar a materia pola avaliación continua).

- 2º trimestre: cada alumno realizará unha lectura individual dun libro axeitado ao seu nivel e que forma parte dos fondos da biblioteca do centro. Ao remate, deberá responder en casa, e coa posibilidade de empregar diccionario e gramática, a unhas preguntas relacionadas co argumento coa finalidade de demostrar que leu o libro, que o fixo con comprensión e que é capaz de realizar resumos e expresar ideas sobre o que leu.

O traballo lo libro de lectura computará outro 25% da nota global e atenderá aos puntos a., b., c., d., e., f., g., h., i. e l. do apartado sinalado anteriormente.

- 3º trimestre: o alumno realizará, na data sinalada pola C.C.P., un exame escrito que versará sobre os contidos mínimos esixibles. Esta proba computará outro 25% da nota global e atenderá aos puntos a., b., c., e., f. e g. do apartado sinalado anteriormente.

- O 25% restante corresponde á valoración que a profesora realice dos puntos b., f., h., i. e l. do devandito apartado.

Criterios de avaliación e cualificación: estes alumnos serán avaliados mediante a avaliación continua segundo os criterios descritos no apartado 6.3 e cualificados segundo o esquema e instrumentos detallados neste punto 6.4.1.

Criterios de cualificación:

No caso destes alumnos aos que se lles pode aplicar a avaliación continua: media aritmética achada a partir da nota das actividades realizadas e entregadas polo alumno. Se o resultado ofrece decimais, a cualificación equivalerá ao número enteiro da unidade nese resultado.

Procedementos e instrumentos de avaliación: os alumnos aos que resulta de aplicación a avaliación continua, realizaron ó longo dos trimestres anteriores, baixo a supervisión e a guía da profesora, un caderniño composto por unhas 11 fichas de actividades graduadas en dificultade.

Por outra banda, a situación dos alumnos que non cumpriron coa realización das tarefas previstas para a superación da materia pendente durante as clases presenciais; estes alumnos serán avaliados mediante a realización e entrega de actividades específicas, seguindo os criterios que se indican a continuación:

- Calidade na elaboración das tarefas, de tal xeito que a realización amose que foron acadados os contidos mínimos esixibles que, na programación didáctica, figuran ao termo de cada trimestre para cada un dos niveis.

- Puntualidade nas entregas, de modo que se evidencie o compromiso do alumno coas tarefas encomendadas e o seu interese en superar a materia.

- Só no caso de que este criterio redunde en beneficio do alumno: grao de seguimento das tarefas indicadas na aula virtual, observable a través do rexistro de acceso de alumnos da propia aula virtual para todos os cursos e, no caso de 1º e 2º ESO, observable tamén a través do rexistro da plataforma Edixgal.

Criterios de cualificación:

No caso dos alumnos que non cumpriron con programa de actividades de recuperación da materia pendente e que por tanto, teñen tarefas específicas de reforzo e recuperación de pendentes durante o período de clases non presenciais: o alumno obterá un 5 se cumpre os requisitos establecidos nos criterios de avaliación descritos no punto anterior; no caso de non cumprilos, valorarase unha cualificación entre 1 e 4 en función do grao de consecución dos obxectivos

propostos.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Os alumnos que se atopan nesta situación, realizarán unha serie de actividades específicas a través do correo electrónico en contacto coa profesora. Neste caso, tamén se empregará como instrumento de avaliación o traballo realizado polo alumno na aula virtual e, no caso de 2º ESO, na plataforma Edixgal, cando a valoración deste traballo redunde no seu beneficio.

## **7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. A AVALIACIÓN INICIAL.**

Segundo as instrucións da Circular 8/2009, terase especialmente en conta a singularidade de cada alumno/a, por todo aquilo que, como persoa en proceso de formación permanente, lle pode achegar ao grupo elementos positivos, factores de enriquecemento e de variedade na clase, prestando especial atención aos alumnos que progresan a ritmos distintos e teñen formas diferentes de aprendizaxe (ademais das súas vivencias persoais, familiares ou sociais).

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño, no seu artigo 11, punto 3 prescribe o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo garantindo a coordinación de todos os profesores de cada grupo. Pola súa banda, a Orde ECD/65/2015 de 21 de xaneiro, no seu Anexo II, recomenda apoiar a metodoloxía educativa en estruturas de aprendizaxe cooperativa. O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente dito, dándolle un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

- A adaptación dos obxectivos, dos contidos e das actividades propostas na programación das unidades.
- As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os/as alumnos/as.
- O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etc.
- A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polo alumnado con diferentes niveis.
- As actividades en común, xunto coas relacionadas co *Cahier d'activités*, danlles a oportunidade de participar e axudarse entre si segundo as capacidades de cada un/unha. Todas estas actividades permítenlles ós/ás alumnos/as tomar decisións e desenvolver a autonomía.
- O fomento da participación e da colaboración entre os/as alumnos/as con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude

positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. A profesora axudará a que os/as alumnos/as sexan conscientes disto.

#### A avaliación inicial:

O instrumento principal para detectar necesidades educativas especiais no noso alumnado e así poder aplicar medidas de atención á diversidade é unha proba de avaliación inicial. A avaliación inicial axúdanos a coñecer de forma rápida cal é o perfil da clase e as características de cada alumno. Tamén permite que afloren os coñecementos previos e as ideas preconcebidas do alumnos fronte ao francés. A profesora servirse de probas escritas especificamente deseñadas para isto con actividades amenas e tranquilizadoras para os alumnos para non seren confundidas por estes con exames ordinarios.

No caso dos alumnos de 1º ESO, e a pesar de que neste centro existe a asignatura de Francés como materia de libre configuración en 6º E.P., a proba non versará sobre contidos específicos da materia senón que irá dirixida a averiguar o grao en que os alumnos coñecen a estrutura e funcionamento dunha lingua. A proba estará redactada en lingua materna, as preguntas versarán sobre a súa propia lingua (categorías gramaticais, funcións sintácticas principais, ...) e indagarán a súa competencia pasiva en calquera lingua estranxeira da familia lingüística latina (francés, italiano, catalán, ...). Ademais, no caso destes alumnos, procedentes de 6º E.P., terase moi en conta o informe final de etapa emitido polo titor do último curso da etapa.

No caso do resto dos alumnos da ESO, a proba si versará sobre a materia específica de francés, pero en ningún caso sobre contidos memorísticos, que se poden ver afectados polo tempo de vacacións sen repaso da lingua, senón sobre capacidades de comprensión da lingua e expresión básica.

En todos os casos, o resultado non se incluírá no cómputo para a cualificación do alumno nin se expresará numericamente, senón en termos de capacidades: moi boa – suficiente – con dificultade.

## **8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.**

Partindo da crenza de que a aprendizaxe se constrúe pouco a pouco e con pasos moi graduados e «en boucle», é dicir, de maneira cíclica, enfócase a construción do coñecemento de maneira individual pero interactiva, suxerindo actividades moi variadas e de diferentes niveis que extraen o mellor de cada un dos alumnos para que reverta no grupo-clase. En canto á aula a metodoloxía será de interacción con agrupamentos flexibles que contemplan e asuman a diversidade do grupo-clase (traballos colectivos, en grupo, en grupos reducidos, en parellas, co profesor...) e que demanden unha participación de todos dinámica e activa co desexo constante de progreso, nun

ambiente de aprendizaxe motivador, sen medo ao erro nin ao ridículo que favoreza a autoestima .

A posibilidade de incluír libros de lectura obrigatoria valorarase en función do desenvolvemento desta programación, do tempo dispoñible e do interese e motivación dos propios alumnos, así como dos exemplares de lecturas graduadas en francés de que os alumnos dispoñan na biblioteca do centro.

Os contidos gramaticais: O procedemento adoptado é de tipo indutivo, partindo da observación sistemática por parte dos/as alumnos/as que, coa axuda da profesora reflexionan en común ata que chegan ao coñecemento e á formulación das regras gramaticais, aplicándoas a continuación e autocorrixíndose.

A profesora orienta e conduce os/as alumnos/as por medio da observación sistemática e de preguntas para que descubran e reflexionen en común sobre o funcionamento da lingua francesa. O papel da profesora non consiste en dar a solución ou enunciarse a regra correspondente para que se aprende de memoria, senón en lles axudar ós/ás alumnos/as a que cheguen ás súas propias deducións sobre o funcionamento do sistema lingüístico do francés.

Os contidos léxicos: Prestaráselle unha grande atención a un elemento imprescindible da comunicación: o léxico. O vocabulario está traballado a través do contexto de cada unha das unidades. Os temas tratados están moi próximos ao mundo dos/as adolescentes (saúdos, presentacións, materias, materiais escolares, gustos e afeccións, actividades cotiás, vacacións...).

Así pois, o vocabulario trabállase en actividades que presentan exemplos de uso das palabras novas que se adquiren en cada unidade, dándolle ó/á alumno/a a posibilidade de empregalas nun contexto lingüístico concreto. Igualmente, explótase o contexto por medio de indicios lingüísticos (*mots transparents* parecidos ou iguais en francés e en español) e extralingüísticos (xestos, sons, debuxos, etc.).

Os contidos fonéticos: O obxectivo principal da metodoloxía empregada no ensino do francés é que o alumnado poida comunicarse nesa lingua; así pois, o traballo sistemático da pronunciación é unha necesidade, xa que o erro pode converterse nun impedimento para que a comunicación se poida levar a cabo. A corrección fonética, a relación entre son e grafa, a entoación e a prosodia traballarase ao longo do curso escolar de forma sistemática e progresiva.

Os contidos socioculturais: Son un dos piares sobre os que se fundamenta o proxecto didáctico, xa que en cada unha das unidades os/as alumnos/as aprenden de forma implícita a través dos actos de fala nas diferentes situacións de comunicación, non soamente determinadas funcións lingüísticas senón tamén a formulación de normas sociais, de certos costumes propios da cultura francófona, tales como o diferente rexistro que se debe utilizar en función da relación entre os/as interlocutores/as, a utilización adecuada das fórmulas de cortesía, é dicir, as diferentes maneiras nunha lingua e noutra.

Así pois, co explicitado anteriormente poderase conseguir que os/as alumnos/as se familiaricen coa nova cultura, ademais de que este coñecemento intercultural os/as axude a superar as diferenzas e as actitudes intolerantes debidas ao descoñecemento e a unha visión egocéntrica e moitas veces totalitaria do mundo.

**Actividades:** As destrezas comunicativas trátanse de maneira integrada. En cada unha das unidades (subdivididas nas correspondentes leccións), todas as actividades realízanse en catro vertentes: comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita, expresión escrita.

**Comprensión oral:** *Avant l'écoute:* Antes de realizar a actividade sensibilízase ao alumnado sobre a situación de comunicación que lle imos presentar. Esta actividade realízase por medio de preguntas do/a profesor/a: Exemplo: *Qui parle ?, Quel âge a-t-il / elle ?, Où il / elle habite ?...* *Après l'écoute:* A escoita acompañarase dunha tarefa concreta para realizar por parte dos/as alumnos/as para centrar a súa atención e axudalos/as a que distingan entre a información importante e a accesoria. O máis importante é a posta en práctica de estratexias naturais de comprensión global.

**Expresión oral:** As actividades orais poden ser de dous tipos:

*Práctica oral controlada:* Nestas actividades os/as alumnos/as poñen en práctica, dunha forma controlada, aqueles aspectos lingüísticos (morfosintácticos, gramaticais, lexicais e de pronunciación) relevantes para unha correcta apropiación e a súa utilización posterior.

*Práctica oral libre:* Son as actividades comunicativas que os/as alumnos/as realizarán dunha forma máis persoal e natural. Algunhas delas faranse en grupos de dous/dúas (poden facerse de forma que un/unha alumno/a saiba algo que o/a outro/a necesite para realizar a actividade). Os/as alumnos/as intercambiarán as informacións por medio de preguntas e respostas, de tal xeito que o intercambio de información se realice en francés dunha forma case natural.

**Comprensión escrita:** Nesta etapa da ESO, na que o nivel de coñecemento da lingua é elemental (aínda que pode haber niveis heteroxéneos), o noso interese céntrase en estimular ós/ás alumnos/as para que acaden un nivel de competencia axeitado en francés. Traballaremos, pois, as destrezas escritas como un factor de consolidación e sistematización das actividades realizadas oralmente, utilizando as estratexias de lectura xa coñecidas por eles/as na aprendizaxe doutras linguas estranxeiras (inglés, por exemplo) ou outras, dependendo da lingua materna do alumnado.

**Expresión escrita:** A utilización de textos variados e relacionados cos intereses do alumnado crea situacións escritas simuladas, moi próximas á realidade. Estámonos a referir a actividades nas que os/as alumnos/as, a partir dun modelo, terán, por exemplo, que describir os utensilios escolares, describir as cores, informar sobre as materias preferidas, etc.

A integración das catro destrezas comunicativas realízase, fundamentalmente, ao final de cada

unidade, na que por medio dun traballo de tipo global os/as alumnos/as traballan as aptitudes orais e escritas. Son actividades que promoven a dinámica de grupo e desenvolven neles/as a imaxinación e mais a creatividade. Así pois, e consonte todo o exposto, traballarase para que o francés se converta no medio privilexiado de intercambio de informacións na aula, creando situacións de comunicación reais.

### **Materiais e recursos didácticos:**

O CPI de Atios está adherido á plataforma Edixgal de contidos dixitais. Ao longo do presente curso académico, empregaremos tanto os recursos e libros dixitais de Netex, fornecidos na plataforma, coma o caderno de exercicios que a continuación se detalla para cada curso:

- 2º ESO: Transit 2. Cahier d'exercices. Ed. Santillana. ISBN: 9788490494516.
- 4º ESO: Club Parachute 4. Cahier d'exercices. Ed. Santillana. ISBN: 9788490494042.

Materiais e recursos didácticos para todos os cursos:

- Aula virtual do CPI de Atios: temas e servizo de mensaxería.
- Cahier d'exercices (*Transit 2, Club Parachute 4*, en función do curso).
- Direccións de correo electrónico de profesora e alumnos.
- Plataforma Edixgal: contidos de Netex, e servizo de mensaxería.

## **9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS POR CURSO.**

No actual currículo educativo, a transversalidade vén representada por doce temas que responden a problemas sociais e que están presentes no conxunto das áreas curriculares. Estes temas foron incorporados á educación como aspectos da nosa sociedade que deben ser abordados dende unha perspectiva global e sistemática, xa que non aparecen asociadas a determinadas áreas do coñecemento senón a todas elas, dada a relevancia social que motiva a súa presenza.

Deste xeito, o Real Decreto 1105/2014 e o Decreto 86/2015 establecen os seguintes doce temas transversais:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.
- Igualdade de xénero.
- Non discriminación por diferentes causas.
- Resolución pacífica de conflitos.



Educación e seguridade viaria.

Educación medio ambiental e desenvolvemento sostible.

Vida saudable.

O tratamento dos aspectos culturais da lingua e civilización francesas, correspondente ao bloque 5 no currículo da materia que recolle os elementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos, permite abordar amplamente estes doce temas ao longo de todo o curso a través dos textos, orais e escritos, auténticos ou preparados, e dos documentos audiovisuais seleccionados. Algúns deles, coma “Educación e seguridade viaria” ou “Vida saudable” serán tratados de forma puntual nos temas relativos á cidade e ás direccións, e aos almozos e menús, respectivamente. Outros, coma “Comprensión lectora”, “Expresión oral e escrita”, “Resolución pacífica de conflitos”, ... serán abordados en todas as sesións ao longo do curso.

## **10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

Debido ás variacións que se producen na oferta das compañías teatrais e na escasa oferta dos centros culturais e museos en relación a esta materia, resulta difícil prever con tanta antelación a qué eventos poderán asistir os alumnos. Este departamento está sempre atento ás carteleiras das compañías de teatro *Eina d'Escola* e *La Bohème Théâtre*, que representan obras en francés modernas ou clásicos adaptados ao alumnado da E.S.O.

Por outra banda, si se vai levar a cabo unha actividade complementaria que é moi frecuente no caso das materias que imparten linguas estranxeiras: o intercambio de correspondencia entre os nosos alumnos e alumnos francófonos. Dita actividade desenvolverase con seguridade no caso dos grupos de 4º de E.S.O., xa que o seu maior dominio da lingua estranxeira facilita a autonomía dos alumnos á hora de redactaren eles mesmos os textos; no caso de 2º de E.S.O., a actividade realizarase en función do grao de adquisición dos coñecementos lingüísticos por parte dos alumnos e da dispoñibilidade horaria de ambos centros educativos.

## **11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN A:**

### **11. 1. O plan TIC:**

Na actualidade e sobre todo a raíz da pandemia que no pasado curso motivou a suspensión das clases presenciais, as TIC supoñen un recurso no ensino das linguas estranxeiras do cal resulta difícil prescindir. O noso centro forma parte dende hai xa varios cursos do proxecto Edixgal e as clases de francés artéllanse en torno á aula virtual do centro e aos recursos postos a disposición dos alumnos pola profesora e pola plataforma Edixgal; cada día se empregan os libros e a pizarra dixitais e con frecuencia recorremos á procura de información en liña; pola súa banda, os alumnos

utilizan as seguintes ferramentas:

En 2º de E.S.O.:

- Resolven exercicios en liña, tanto de escoita como escritos, en [www.lexiquefle.free.fr](http://www.lexiquefle.free.fr).
- Practican vocabulario e cuestións gramaticais como elección de artigo ou de terminación verbal, no xogo a respostas múltiples que ofrece <http://jeudeloie.free.fr>.
- Adquiren vocabulario relacionado cos animais e a natureza en [www.zoo-palmyre.fr](http://www.zoo-palmyre.fr).
- Realizan intercambios de correo electrónico e polo tanto, practican a presentación e a descrición física en [www.momes.net](http://www.momes.net).
- Coñecen Francia e Canadá dende o punto de vista do seu patrimonio natural e cultural en <http://francephotos.free.fr> e [www.photos-voyages.com/canada](http://www.photos-voyages.com/canada).

En 4º de E.S.O.:

- Escoita de mensaxes telefónicas en [www.lexiquefle.free.fr](http://www.lexiquefle.free.fr).
- Introducción á figura e á obra de Antoine de Saint-Exupéry en [www.saint-exupery.org](http://www.saint-exupery.org) e [www.lepetitprince.fr](http://www.lepetitprince.fr).
- Ampliación de coñecementos sobre a natureza, o medio físico e a ecoloxía en [www.notre-planete.info](http://www.notre-planete.info).
- Achegamento interactivo ás novelas policiacas. Nesta páxina deben ler por capítulos, unha breve novela policiaca e, ao final, resolver o crime mediante a realización de interrogatorios "reais" aos sospeitosos: [www.polarfle.com](http://www.polarfle.com).
- Lectura de extractos de Tintin e visionado, en versión orixinal, das aventuras que foron rodadas para a televisión en <http://tintin.francetv.fr>.
- Coñecemento da cultura e tradicións francesas nesta páxina que ofrece numerosas actividades, entre elas, a redacción e envío de cartas e felicitacións en datas festivas: [www.joyeuse-fete.com](http://www.joyeuse-fete.com).

## **11. 2. A biblioteca e o proxecto lector:**

É obxectivo primordial deste departamento o fomento da lectura en xeral e en lingua francesa en particular polas seguintes razóns:

- Transmite contidos culturais e de civilización, e valores estéticos que incidirán directamente na súa competencia relacionada coa conciencia e expresións culturais. A través de textos breves e poemas seleccionados, os alumnos achegaranse á historia da literatura francesa e á actualidade literaria nese país e na francofonía.
- Supón unha forma de ver a lingua estranxeira en contexto.

- Amósalles aos alumnos unha variedade de lingua e un rexistro máis enriquecedor, en tanto que se empregan metáforas, dobres sentidos, ironías, ... que desenvolverán a competencia lingüística dos alumnos.
- Motiva os alumnos a produciren eles mesmos textos, aumentando así a súa autoestima, autonomía e iniciativa persoal.
- Promove a lectura autónoma no tempo de lecer, axudando a desenvolver a competencia para aprender a aprender.
- Mellora a comprensión, a atención e a capacidade de redacción.

As actividades que se levarán a cabo con tal fin son as seguintes:

- En 2º de E.S.O.: audición e explotación de *comptines*, cancións populares e, excepcionalmente, de cancións actuais axeitadas a través da súa tradución e análise de figuras estilísticas e dos datos de carácter cultural. Lectura de libros de dificultade graduada e adaptada ao seu nivel e intereses (por exemplo: *La Tour Eiffel*, de Bazyl Solowji, ed. Longman ou *Un voyage de rêve en France*, ed. Oxford ) ou ben de fragmentos extraídos destas obras. Lectura e explotación de poemas escollidos de Paul Laurel e Jacques Prévert.
- En 4º de E.S.O.: audición e explotación semellante de cancións actuais, da época dourada da canción francesa e no caso do presente curso, de Édith Piaf, con análise da letra e, de cara a finais de curso, coa posibilidade de ver a película biográfica da cantante *La vie en rose* en versión orixinal subtitulada. De xeito máis sistemático, no caso de 4º de E.S.O., un día por semana leranse e analizaranse poemas escollidos de Jacques Prévert (*Paroles*), Paul Laurel (*Mots*) e Paul Éluard (*Au rendez-vous allemand*); fábulas de La Fontaine; fragmentos de *Le Petit Nicolas* (Gosciny, ed. Folio). De cara ao final de curso, se existe dispoñibilidade de tempo, elaborárase un poema visual acompañado de imaxes ou ilustracións.

### **11.3. O plan de convivencia:**

Dende este departamento prestarase especial atención aos obxectivos de dito plan mediante:

- a posta en valor da comunicación como vía para o diálogo e a paz.
- o respecto pola propia cultura e polas culturas alleas, valorando o enriquecemento mutuo que supoñen.
- o coñecemento da cultura francesa e da francofonía (Caribe, África e América do Norte) como medio de acceso a outras culturas.
- a conmemoración na aula de francés de datas sinaladas como:
  - 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.

- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Del 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Personas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Del 6 al 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día de esta semana traballaremos na aula con xornais.
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.
- Entre o 17 e o 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.

Do mesmo xeito, na elaboración desta programación tivéronse moi en conta as competencias que máis inciden na convivencia: as competencias sociais e cívicas, e a competencia en conciencia e expresións culturais. Tanto no punto 2. desta PD como ao longo das unidades didácticas que vertebran cada curso, se especifica cando e como se traballan na aula tales competencias.

## **12. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.**

Empregaremos tres instrumentos para avaliar esta PD: unha estatística de cualificacións en todos os cursos con comentario valorativo, unha táboa de indicadores de logro e un estudo da

opinión dos alumnos.

En primeiro lugar, a estatística: figura dentro da memoria anual do departamento de francés; recolle totais e porcentaxes de aprobados e suspensos, así como de cualificacións obtidas polos alumnos por curso; e vai acompañada dunha valoración na que se indican medidas de atención educativa, baixas do alumnado, novas incorporacións de alumnos, ... e calquera outra circunstancia que mereza ser mencionada. Entrégase á Dirección a finais de curso e forma parte da memoria anual do centro. Cabe destacar que ademais, este departamento elabora estas estatísticas ao final de cada trimestre, deixando constancia delas na correspondente acta de departamento.

En segundo lugar, implementaremos unha táboa de indicadores de logro que modificaremos en función das necesidades e que, inicialmente, inclúe estes puntos:

Indicadores/Valoración	Insuficiente	Suficiente	Óptimo
Os contidos foron impartidos segundo a temporalización en 1º ESO			
Os contidos foron impartidos segundo a temporalización en 2º ESO			
Os contidos foron impartidos segundo a temporalización en 3º ESO			
Os contidos foron impartidos segundo a temporalización en 4º ESO			
Os contidos foron explotados en 1º ESO de xeito ...			
Os contidos foron explotados en 2º ESO de xeito ...			
Os contidos foron explotados en 3º ESO de xeito ...			
Os contidos foron explotados en 4º ESO de xeito ...			
Cumriuse o plan lector de xeito ...			
Empregáronse os recursos TIC dispoñibles axeitados á materia de xeito ...			
Levou a cabo algunha actividade complementaria ou extraescolar relacionada coa materia			
O Plan de Atención a Pendentes tivo éxito de xeito			
Achega do departamento ao Plan de Convivencia a través da materia			
Ausencia de reclamacións a exames ou cualificacións			

Finalmente, contaremos cunha enquisa aos alumnos: de xeito experimental, os alumnos atoparán al final do exame unha pregunta en lingua materna (non estranxeira) coa que se pretende que o valoren. A resposta mínima consiste en rodear a palabra que, segundo eles, se axeite ao nivel de dificultade do exame (moi difícil – difícil – normal – fácil); non obstante, serán libres de deixar calquera outra opinión. Esperamos que a iniciativa resulte agradable para os alumnos, que se sentirán tomados en consideración, e reveladora para a profesora. Tal recollida de opinións tamén

será incluída como parte da avaliación desta programación.

### **13. BIBLIOGRAFÍA**

#### **Bibliografía xeral:**

- VV. AA. *Formación de profesores de educación secundaria*. Ed. Universidad Complutense. ISBN: 84-7491-546-5.

- VV.AA. (Antonio Bautista García-Vera, coordinador). *Programación y evaluación curricular*. Ed. Universidad Complutense. ISBN: 84-7491-549-X.

- PEÑA MARTÍN, J. Francisco e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Luís. *Didáctica de Lengua y Literatura*. Ed. Universidad Complutense. ISBN: 84-7491-551-1.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Recomendación 206/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.

- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

- Orde de 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

#### **Bibliografía específica para a elaboración das unidades didácticas que desenvolven o currículo:**

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro.

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro.

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos

centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

En Valdoviño, a 4 de outubro de 2022.

Laura M. Fernández Sánchez.

Xefa do Departamento de Francés.